

MEMBROS DA COMISIÓN XESTORA DA DIVISIÓN

Coordinador

Don Francisco Javier Sánchez Eizaguirre, *COP Las Palmas, Xunta de Goberno do Consejo General de COP*

Vogais

Don Manuel Vilches Nieto, *COP Andalucía Oriental*
Doña Pilar del Pueblo López, *COP Comunitat Valenciana*
Don José Luis Domínguez Rey, *COP Galicia*

Profesionais de recoñecido prestixio

Doña Lourdes Munduate Jaca, *Universidad de Sevilla*
Don José María Peiró Silla, *Universidad de Valencia*

CALENDARIO. ELECCIÓN

29 de abril: Convocatoria de eleccións. Comité Electoral.

30 de maio: Último día de presentación de candidaturas.

4 de xuño: Proclamación das candidaturas.

7 de xuño: Último día de reclamación sobre a validez das candidaturas.

10 de xuño: Proclamación definitiva das candidaturas.

15 de xuño: Inicio da campaña electoral.

29 de xuño: Fin da campaña electoral. Mesa electoral.

30 de xuño: Votación e proclamación de resultados.

Na páxina web do Consejo General de COP (www.cop.es/ptorh/) está depositada a información necesaria para presentar a solicitude de incorporación á División de PTORH como membro Ordinario.



Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es



A DIVISIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO, DAS ORGANIZACIÓNS E DOS RECURSOS HUMANOS (PTORH) DO CONSEJO GENERAL DE COLEGIOS OFICIALES DE PSICÓLOGOS

2011

INFORMA: Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO)
do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

A DIVISIÓN

A División de PTORH foi creada polo Consejo General de COP para unificar a nivel nacional o ámbito profesional de intervención en Psicología do Traballo, as Organizacións e os Recursos Humanos. O obxectivo que persegue é coordinar, integrar e desenrolar as actividades científicas-profesionais dos/as colexiados/as de dita área.

As funcións máis relevantes da División son:

- Velar por garantir un servizo de calidade nas intervencións profesionais do seu específico ámbito disciplinar, que permita manter e mellorar o prestixio da profesión, mediante o desenrolo de procedementos de acreditación de profesionais, de programas de formación e calquera outra actividade que poida colaborar a este fin.
- Asesorar á Xunta de Goberno do Consejo a presenza social e institucional e a colaboración con organizacións e asociacións nacionais e internacionais de idéntico ou similar ámbito disciplinar.
- Potenciar a investigación e a formación no ámbito da División.
- Velar polo exercicio competente no ámbito que lle é propio, e por unha práctica profesional acorde co “Código Deontolóxico do/a Psicólogo/a”.

ESTRUTURA: ÓRGANOS DE XESTIÓN

A División estrutúrase en dous órganos de xestión, e a duración do mandato da Coordinadora será de 2 anos.

1. A Coordinadora da División, constituída por:
 - O representante do Consejo General de COP que actuará como Coordinador.
 - Tres vogais, que serán elixidos/as mediante votación directa polos membros que compoñen a División, un/unha dos/as cales designado/a polo Coordinador, exercerá as funcións de Secretario/a.
 - Dous vogais, elixidos/as pola Xunta Xeral do Consejo General de COP, a proposta dos Colexios autonómicos, entre persoas de recoñecido prestixio.
2. Os Grupos de Expertos/as.

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

O ámbito de actuación será de carácter estatal e abarcará a todos/as os/as colexiados/as adscritos/as a algúns dos ámbitos disciplinarios académicos ou profesionais, pertencentes á *Psicología do Traballo* (T), *das Organizacións* (O) e *dos Recursos Humanos* (RH):

- (T1) Ergonomía, Sistemas de Traballo e Novas Tecnoloxías.
- (T2) Saúde Laboral e Prevención de Riscos Laborais.
- (T3) Asesoramento, Orientación Laboral e Profesional.
- (O4) Cambio, Desenrolo e Transformación Organizacional. Coaching.
- (O5) Relacións Laborais, Mediación, Negociación, Xestión de Conflictos.
- (O6) Xestión de Calidade. Avaliación-Auditoría de Programas.
- (P7) Xestión de Recursos Humanos.
- (P8) Formación e Desenrolo.
- (O9) Psicología Aplicada ao Marketing, á Economía e do/a Consumidor/ora.
- (X10) Investigación I+D+I e Docencia en Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos.

E todos aqueles que poidan requirir unha consideración diferenciada e que non se describisen anteriormente.

¿QUEN PODE SER MEMBRO?

Poderá ser membro da División toda persoa colexiada que estea interesada e cumpra os requisitos de pertenza establecidos. A División conta con tres tipos de membros: Ordinarios, Acreditados e de Honor.

Para ser membro **Ordinario** os requisitos son: estar colexiado/a, non estar incurso en sanción que leve aparellada a súa inhabilitación nalgún Colexio e presentar a solicitude de incorporación pertinente.

A solicitude deberá dirixirse ao Coordinador da División, aportando a documentación xustificativa requirida.